

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE E A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA PARA O FINANCIAMENTO E SUSTENTABILIDADE DO DESENVOLVEMENTO DE NOVAS FUNCIONALIDADES, SOPORTE E MANTEMENTO DO SISTEMA DE AXUDA A EXPLOTACIÓN DA MOBILIDADE DE GALICIA (SAEGAL)

En Santiago de Compostela, 22 de maio de 2023

REUNIDOS

Dunha parte, **Ignacio Maestro Saavedra**, director xeral de Mobilidade da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, actuando por delegación de sinatura da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade en virtude de resolución do 13 de febreiro de 2020.

Doutra parte, **Julián Cerviño Iglesia**, director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (co NIF Q1500382E), actuando en nome e representación da dita Axencia, en virtude das facultades conferidas polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, e polo Decreto 149/2022, do 1 de setembro, polo que se nomea o director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

As partes recoñécense capacidade e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e na súa virtude

EXPOÑEN

Primeiro.- Que, segundo o artigo 9 do estatuto da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia aprobado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, a AMTEGA ten entre as súas competencias, a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e o deseño e liderado de iniciativas que contribúan a impulsar o desenvolvemento da sociedade da información en Galicia, garantindo os dereitos dos cidadáns e eliminando as barreiras que se opoñan á expansión e ao uso das novas tecnoloxías.

Así mesmo, de acordo co artigo 5 do Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, queda desconcentrada na persoa titular da dirección da Amtega a competencia para subscribir con entidades públicas e privadas, en nome da Amtega, convenios de colaboración excluídos da lexislación de contratos do sector público.

Segundo.- Que a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, de conformidade co previsto no Decreto 118/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da dita consellería, ten entre as súas competencias e funcións a de impulso, xestión e coordinación das políticas nos ámbitos da planificación, financiamento e ordenación do transporte. En concreto, correspóndelle, a través da Dirección Xeral de Mobilidade, a programación de investimentos, obras e instalacións de transportes por estrada e o estudo, análise e implantación de plans e proxectos de fomento do transporte público e a mobilidade sustentable, o control e supervisión dos sistemas de información xestión automatizados, a coordinación dos transportes urbanos cos interurbanos e o fomento de melloras nos elementos móbiles do transporte.

Terceiro.- O Plan de Transporte Público de Galicia (PTPG), regulado pola Lei 10/2016, do 19 de xullo, de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia, foi aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 29 de novembro de 2018, fixando como o obxectivo xeral o de acadar un modelo de transporte público por estrada sostible e eficiente, que se adapte mellor ás necesidades da cidadanía.

En coherencia co que establece a Lei 10/2016, do 19 de xullo, este obxectivo será acadado mediante as diferentes previsións que o plan establece para cada unha das liñas de actuación que, como contido do PTPG, establece o anexo da indicada lei, contido entre o que cómpre salientar o referente á modernización do sistema de transporte.

Neste sentido, o plan desenvolve no seu apartado 6.5 varias pautas de modernización do sistema de transporte sobre a base dos seguintes elementos:

- Dotación de máquinas canceladoras en todos os vehículos do sistema de transporte.
- Habilitación dun portal web e dunha aplicación para dispositivos móbiles que centralice a información ás persoas usuarias.
- Emprego dunha ferramenta para o rexistro e seguimento dos usuarios con reserva de praza para escolares que circulen a bordo dos servizos integrados.
- Desenvolvemento dunha oficina virtual para a xestión das variacións e axustes na oferta de servizos.
- Integración de todos os vehículos do sistema de transporte nun Sistema de Axuda á Explotación (SAE).

Este último sistema, o SAE, deberá permitir o seguimento da frota de vehículos mediante xeolocalización (GPS), coñecendo polo tanto a posición do vehículo en cada momento, a hora de paso por cada parada e a prevista para as paradas seguintes, os retrasos ou adiantos con respecto aos horarios oficiais,.... así como o rexistro completo doutros datos e variables básicas da operación do servizo, coma a identificación do contrato e da liña, o código da expedición ou o número de usuarios subidos e baixados en cada parada.

Adicionalmente, o propio PTPG prevé a vinculación do SAE con outros sistemas e funcionalidades, de tal xeito que facilite, por exemplo, a transmisión de información en tempo real ás persoas usuarias sobre a prestación do servizo.

Estas previsións foron recollidas nos Pregos de Condicións polos que rexen os contratos obxecto dos expedientes de licitación 1/2019MOB, 2/2019MOB, e 1/2020MOB. Igualmente, os ditos pregos de condicións desenvolven certas funcionalidades que se agarda obter do SAE, destacando entre elas as referentes á verificación da prestación dos servizos de transporte concesionados para o que se establece expresamente que se considerará como medios de proba válidos os rexistros do Sistema de Axuda á Explotación, servindo á Administración para o cálculo dos importes para abonar mensualmente ao contratista en concepto de compensacións por obrigas de servizo público, e para determinar as penalidades que, no seu caso, corresponda impoñer polo incumprimento da oferta de servizos que o concesionario está obrigado a ofrecer ás persoas usuarias.

Finalmente, consonte cos indicados pregos de condicións, as empresas concesionarias asumen a obriga de dispoñer dos seus propios centros de control local e integrar a información que estes deberán xestionar co Sistema de Axuda á Explotación de Galicia (SAEGAL), remitíndoa ao Centro Operativo da Mobilidade de Galicia (COMGA) de acordo cos protocolos que a Administración determine.

Neste sentido, deberán terse en conta, e así son citadas nos indicados pregos de condicións, a Resolución conxunta, do 1 de febreiro de 2014, da Dirección Xeral de Mobilidade e da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, que foi publicada no Diario Oficial de Galicia do 13 de febreiro de 2014, e a Resolución conxunta, do 2 de febreiro de 2018, da Dirección Xeral de Mobilidade e da Amtega, pola que se aproban as especificacións técnicas e funcionais dos sistemas que deberán cumprir os SAE propios.

Froito da primeira das anteriores resolucións, a Xunta de Galicia desenvolveu o proxecto SAEGAL, que facilitou a dotación dun SAE central con capacidade para a integración de SAEs locais de diferentes empresas. Igualmente, estableceuse o Centro Operativo da Mobilidade de Galicia (COMGA), coa funcionalidade de dar asistencia ao proxecto SAEGAL, no que inicialmente se prevía a integración de SAEs locais xunto coa recepción da información procedente directamente dos vehículos das empresas que optasen por adherirse a este último sistema de conexión.

Cuarto.- A continuidade deste servizo é de interese público, toda vez que se considera fundamental para garantir un sistema de transporte público regular de persoas eficaz e eficiente.

Quinto.- A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, establece no seu artigo 14 que a Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades do sector público, ou estas entre elas, poderán formalizar acordos de colaboración ou cooperación para o servizo aos intereses xerais mediante o desempeño conxunto de tarefas de interese público da súa competencia.

A colaboración ou cooperación consistirá na participación conxunta e efectiva no desenvolvemento da actividade común, mediante achegas de traballos de organización, medios persoais e materiais ou recursos financeiros para a finalidade compartida, de acordo coas respectivas competencias, e será sempre diferente das estruturas contractuais onerosas reguladas na lexislación de contratos do sector público.

Por outra banda, o Consello da Xunta, na súa xuntanza do 1 de agosto de 2014, acordou aprobar “as instrucións para o establecemento dun modelo de sustentabilidade para a dixitalización dos servizos públicos”.

Tendo en conta o anterior, seguindo o modelo de sustentabilidade para a dixitalización dos servizos públicos, tratándose de servizos críticos que non pode ser paralizados, e que o desenvolvemento do proxecto obxecto do presente convenio continua sendo de interese público, ambas partes, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia acordan a sinatura deste acordo con suxeición ás seguintes cláusulas:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as pautas que se seguirán na colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para o desenvolvemento de novas funcionalidades, soporte, operación e mantemento do sistema de axuda á explotación da Mobilidade de Galicia (SAEGAL) durante un prazo mínimo de 12 meses.

Segunda.- Financiamento

O importe da achega da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade para a execución para a execución dos compromisos mencionados na cláusula anterior ascenderá a un máximo de douscentos trinta e nove mil oitocentos noventa euros (239.890,00 €), IVE incluído, coa seguinte distribución por anualidades:

a) Anualidade 2023: 239.890,00 €

Estes importes serán obxecto de retención de crédito segundo a distribución por anualidades que se indica, nas seguintes aplicacións orzamentarias do seu orzamento: 09.02.512A.640.0
----- 239.890,00 €

ACTUACIÓN E APLICACIÓN ORZAMENTARIA	ANO 2023	TOTAL (C/IVE)
09.02.512A.640.0	239.890,00 €	239.890,00 €

Posteriormente á formalización do presente acordo, a Amtega remitirá á Dirección Xeral de Orzamentos este acordo xunto coa documentación pertinente, para que se leve a cabo a modificación orzamentaria correspondente na aplicación 07.01.571A.732.00 da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda e Administración Pública, con correlativa ampliación de crédito na aplicación 07.A1.571A.626.0, código de proxecto 2014-00005, dos orzamentos da Amtega para a anualidade 2023.

Terceira.- Actuacións a desenvolver

Ao abeiro desta addenda, pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, desenvolveranse as seguintes actuacións:

- a) Desenvolver o servizo descritos na cláusula primeira, de acordo coa priorización establecida pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e dentro dos límites orzamentarios deste acordo.
- b) A tramitación e formalización da prórroga do contrato do Servizo de desenvolvemento de novas funcionalidades, soporte, operación e mantemento do sistema de axuda á explotación da Mobilidade de Galicia (SAEGAL) con código de expediente AMT-2020-0044. Para isto, a Amtega, como órgano de contratación, iniciará e tramitará a correspondente prórroga. Asemade, correspóndelle o seguimento e a dirección das actuacións obxecto do contrato.

Calquera outra que, sendo complementaria das anteriores, acorden a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e a Amtega, sempre que o seu custo non supere o importe da achega máxima da

Consellería recollido na cláusula segunda. No caso de actuacións que non sexan complementarias das incluídas nesta cláusula, será suficiente unha addenda a este acordo que engada ditas actuacións á presente cláusula.

A titularidade do produto ou resultado obtido coa execución das actividades obxecto do presente acordo, será da Amtega.

Cuarta.- Previsións de desenvolvemento.

Sen prexuízo do previsto na cláusula anterior, a colaboración derivada deste acordo poderá ser obxecto do desenvolvemento ulterior e concreción que sexa preciso, a través dos instrumentos ou das actuacións que se estimen necesarias para a súa consecución, de conformidade coa normativa vixente.

Quinta.- Vixencia

Este acordo producirá os seus efectos a partir da data da súa sinatura e a súa vixencia estenderase ata o momento que cese o desenvolvemento nel previsto; e en todo caso, como data máxima, ata o 31 de decembro de 2023.

En todo caso, este acordo de colaboración quedará condicionado á tramitación e autorización da modificación de crédito indicada na súa cláusula segunda.

Sexta.- Réxime xurídico e resolución de conflitos

Este acordo de colaboración ten natureza administrativa e, para a resolución das discrepancias que se poidan producir, será de aplicación o artigo 13 da Lei 16/2010, de 18 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

E en proba de conformidade co exposto, asinan este convenio por duplicado exemplar no lugar e data sinalados.

**A consellería de Infraestruturas e O director da Axencia para a Modernización
Mobilidade Tecnolóxica de Galicia**

P.D. de sinatura (resolución do 13 de febreiro
de 2020)

O director xeral de Mobilidade

Julián Cerviño Iglesia

Ignacio Maestro Saavedra